

A Federación Galeusca celebra o seu encontro anual en Pontevedra

Publicado por [Redacción](#)

tamaño de fonte

[Imprimir](#)

[Engadir comentario](#)



A cidade de Pontevedra será o escenario escollido para celebrar o Encontro da Federación Galeusca, que reunirá entre o 25 e o 27 de outubro a unha representación de escritoras e escritores vascos, cataláns e galegos. O acto, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), a Associació d'Escriptors en Llengua Catalana (AELC) e a Euskal Idazleen Elkartea (EIE), centrarase nesta edición baixo o título de A literatura infanto-xuvenil: Perspectivas de futuro e adecuación a novos formatos.

O obxectivo destes encontros é a representación, a promoción e a defensa dos escritores en lingua catalá, éuscaro e galega, así como a coordinación das accións dos seus membros cara a unha maior eficacia na defensa dos dereitos profesionais en todos os seus aspectos.

Ao longo dos tres días do encontro Galeusca, desenvolveranse actividades abertas a toda a cidadanía, que terán a posibilidade de

escoitar e coñecer a literatura escrita noutros países ibéricos.

Actividades da Federación Galeusca abertas a todo o público

Pontevedra. Casa das Campás (R/ Don Filiberto, 9-11). Sábado 26 de outubro.

- 10.00 h. Mesa redonda de narrativa (presenta e modera Francisco Castro). Interven: Pere Morey (AELC), María Reimón (AELG), Fernando Morillo Grande (EIE).
- 12.30 h. Paseo literario por Pontevedra, con Xosé Vázquez Pintor e Fina Casallerrey.
- 16.00 h. Mesa redonda de poesía (presenta e modera Antía Otero). Interven: Josep Francesc Delgado (AELC), Carlos Negro (AELG), Nicolás Zimarro Bravo (EIE).
- 18.15 h. Mesa redonda de teatro e outros formatos (presenta e modera Mercedes Queixas). Interven: Pau Marqués (AELC), Ánxeles Cuña (AELG), Alaitz Olaizola Borda (EIE).

Información adicional

[+ info sobre la Federación Galeusca](#)